

## **ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA**

**15-07-2020**

Sendo as 18:26 e estando reunidas de xeito telemático :

- ANPA DO CEIP Ramón y Cajal
- ANPA DO CEIP Valle Inclán
- ANPA DO CEIP Igrexa- Candeán
- ANPA DO EEI Vilalaura
- ANPA DO CEIP Doutor Fleming
- ANPA DO CEIP Josefa Alonso
- ANPA DO CEIP Castelao
- ANPA DO CEIP Javier Sensat
- ANPA DO CEIP Frián
- ANPA DO CEP Santa Tegra
- ANPA DO CEIP Coutada- Beade
- ANPA DO CEIP Mosteiro- Bembrive
- ANPA DO CEIP Chans- Bembrive
- ANPA DO CEIP Canicouva
- ANPA DO CEIP Illas Cíes
- ANPA DO CEIP Castelao
- ANPA DO CEIP Igrexa Chapela
- ANPA DO CEIP Carrasqueira
- ANPA DO CEIP Carballal- Cabral
- ANPA DO CEIP Escultor Acuña
- ANPA DO CEIP Pombal
- ANPA DO CEIP Alexandre Bóveda
- ANPA DO CEIP Ría de Vigo
- ANPA DO IES San Tomé
- ANPA DO IES Castelao
- ANPA DO EIM Santa Marta
- ANPA DO EEI Aragón

- 1. Lectura e Probación das actas anteriores se procede.**
- 2. XEANPAS ( a anpa dixital) e módulo de xestión de comedores.**
- 3. Memoria de comedores : Pandemia do COVID-19 e o concurso de servizo de catering comedores curso 20-21.**  
-Bases de comedores escolares da rede de foanpas 20-21. Aprobación.
- 4. Memoria de formación de país e nais durante periodo 2020 ( Webinars FOANPAS # Estamosenrede, canle de convivencia).**
- 5. Protocolos educativos e sanitarios cara o próximo curso escolar 2020-2021: Actualizacións e suxestións.**
- 6. Proxectos para o curso 2020-2021 (Formación e dixitalización)**
- 7. Suxestións e preguntas.**

- 1-** Escomeza a sesión da man do presidente Miguel Álvarez aprobándose a acta anterior por unanimidade.  
A continuación pasa a falar un pouco dos datos económicos e as súas partidas. Toma a palabra a tesoureira Vanessa para repostar as dúbidias que quedaron con respecto as contas.
- 2-** Toma a palabra Oscar explicando que o programa XEANPAS está casi operativo e que é unha aplicación que sirve para a xestión de comedores, socios , extraescolares e que a través dela pódense mandar mensaxes a través do tokapp.  
O curso que ven estará disponible para todas as ANPAS asociadas e este próximo mércores darase una formación para quen queira aprender como usar este programa.
- 3-** Toma a palabra Belén explica que o concurso de comedores quedou deserto por eso se propón prorratear o contrato deste próximo curso con ARUME cos pregos anteriores pero sen perder o xa traballado con eles ate marzo deste ano.  
En canto a introducción do menú vegano, o presente ano non será posible a non ser que haxa unha gran demanda por parte dos usuarios e os pais ou titores legais o autoricen de forma expressa.  
Con respecto o tema da pandemia inda non temos claro se poderán abrir comedores ou non porque no actual protocolo non falan do tema.

Suxírese facer reunións para dar opinión e ideas con respecto a este tema.

Procédese a votación e o resultado é de 16 votos a favor e 7 abstencións.

- 4-** Toma a palabra Bertila para comentar que se fará entrega da memoria completa na seguinte axo. Fala dos distintas comisión activas neste intre en FONPAS e do seu traballo o longo deste curso destacando as reunión e avances no grupo de zonificación.

Toma a palabra Paula para falar da laboura da comisión NEAE que agora mesmo está a traballar nunha curta con igualarte e en outros frontes como nuns proxectos de protocolos educativos xunta con anpas galegas. Ademáis de todo esto gracias a laboura de Oscar elaboraronse as seguintes webinars :

- La educación inclusiva con Coral Elizondo.
- Falemos sobre a COVID-19 con Ignacio Crespo.
- As infancias vulnerables con Cristina Palacios.
- Os cambios non veñen sos con Ignacio Calderón.
- A historia de pepa e pepe con Carmen Ruíz.
- Protocolo da diversidade auditiva
- Ampliando a mirada a outras realidades con voluntarias da comisión NEAE.

- 5-** Os protocolos que se traballaron foron:

Acoso escolar e ciber acoso e Protección de datos.

Con respecto a ILP de comedores temos de prazo ate o 18 de setembro pero intentaremos mirar un xeito de que se poida firmar de xeito telemático.

- 6-** Suxírese facer un escrito a xefatura territorial coa problemática da fenda dixital.

Sen nada máis reseñable péchase a sesión as 20:36.

Secretario da XD de FOANPAS

Asinado: Oscar Souto